Asociación
Galega de
EDITORES

# Chamamento da Asociación Galega de Editores a prol da posta en marcha dunha política estratéxica para o libro e a lectura en Galicia

Ás portas da celebración do 23 de abril, Día Internacional do Libro e dos Dereitos de Autor, a Asociación Galega de Editores fai un chamamento á cidadanía galega e aos poderes públicos para poñer en valor o libro e a lectura como canles primeiras de acceso ao coñecemento e ao gozo da creación literaria. Razóns polas que

## RECLAMAMOS

1. **O recoñecemento efectivo do sector do libro como sector da industria cultural de carácter estratéxico e prioritario para Galicia.**
Segundo se recolle no Preámbulo e no artigo 2 da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

2. **A posta en marcha dun plan de apoio á rede de librarías.**
Desenvolvendo o establecido no artigo 11 da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

3. **A creación do bono cultura por parte da Xunta de Galicia**.
Instrumento de incentivación e apoio ao consumo cultural e á dinamización das canles de comercialización de produtos culturais.

4. **A ampliación e mellora da rede bibliotecaria pública**. en colaboración
Desenvolvendo o establecido no artigo 22 da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

5. **Apoio ao desenvolvemento da rede de bibliotecas escolares e de aula en todos os centros educativos non universitarios.**
Desenvolvendo o establecido nos artigos 13, 16.3 da Lei 17/2006 do libro e da lectura.

6. **Apoio á promoción e fomento da creación de bibliotecas familiare**s.
Desenvolvendo o establecido no artigo 24 da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

7. **A adquisición de todas as novidades editoriais en lingua galega destinadas ás 465 bibliotecas públicas de Galicia**.
Desenvolvendo o establecido nos artigos 7 e 16.3 da Lei 17/2006 do libro e da lectura

8. **A posta en marcha dun plan de fomento da lectura, con especial atención a súa presenza en televisión, internet e nas redes sociais**.
Desenvolvendo o establecido no artigo 4 da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

9. **A posta en marcha dun plan cuatrienal de tradución para o galego**.
Desenvolvendo o establecido no artigo 6 da da Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galicia.

10. **A creación dunha Oficina de promoción da literatura e do libro galego no mundo**.
Entidade encaragada da difusión das axudas á tradución de obras publicadas en galego a outras linguas, de organizar a presenza institucional nas feiras internacionais do libro e da información web sobre o libro e a literatura galega.

Galicia 23 de abril de 2013